RESOLUCIÓN REITORAL DE 29 DE XULLO DE 2022 POLA QUE SE PUBLICA UNHA CONVOCATORIA COMPLEMENTARIA DE AXUDAS PARA A RECUALIFICACIÓN DO SISTEMA UNIVERSITARIO ESPAÑOL PARA 2021-2023.

O 22 de abril de 2021 foi publicado no Boletín Oficial do Estado o *Real Decreto 289/2021, de 20 de abril, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a universidades públicas para la recualificación del sistema universitario español* que ten por obxecto regular a concesión directa de subvencións, con carácter plurianual, a universidades públicas para a recualificación do sistema universitario español.

Trala posta en marcha polo Consejo de Europa do Instrumento Europeo de Recuperación, *Next Generation EU* no uso das súas competencias, o Ministerio de Universidades instrumenta, a través do citado real decreto, a inversión C21.I4 «Formación e capacitación do persoal docente e investigador» plasmada no compoñente 21 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España titulado «Modernización e dixitalización do sistema educativo».

Por *Orde UNI/551/2021, de 26 de maio, pola que se conceden as subvencións previstas no Real Decreto 289/2021, de 20 de abril, polo que se regula a concesión directa de subvencións a universidades públicas para la recualificación do sistema universitario español*, concédeselle á Universidade de Vigo unha subvención coa contía total de 5.431.335 € que se aboará con carácter anticipado nas anualidades 2021, 2022 e 2023 por importe de 1.810.445 € cada unha.

A devandita Orde contempla a posibilidade de que, no prazo de dezaoito meses dende a publicación da resolución definitiva da convocatoria de axudas para a recualificación, as universidades beneficiarias aproben e publiquen unha convocatoria complementaria cos fondos resultantes de renuncias ou vacantes por non aceptación de axudas.

É por isto que esta Reitoría RESOLVE:

Publicar unha convocatoria complementaria para a concesión de axudas para a recualificación do sistema universitario español, conforme ás bases contidas nesta resolución que se aprobaron no Consello de Goberno realizado o 28 de xullo de 2022.

Contra a presente resolución, que a pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á publicación de a presente resolución, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto

expresamente ou se produciu a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 de a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O REITOR
P.D. R.R. 22/06/2022 (DOG de 6 de xullo)
A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación

BASES XERAIS

Primeira. Obxectivo e finalidade

O obxectivo desta convocatoria é establecer as bases para a realización dun proceso de selección para a concesión por parte da Universidade de Vigo de axudas para a recualificación do sistema universitario español outorgadas mediante a *Orde UNI/551/2021, de 26 de maio, pola que se conceden as subvencións previstas no Real Decreto 289/2021, de 20 de abril, polo que se regula a concesión directa de subvencións a universidades públicas para la recualificación do sistema universitario español.*

A finalidade é a formación de novas doutoras e doutores e a atracción de talento internacional.

Segunda. Modalidades de axudas

Modalidade A: Axudas Margarita Salas para a formación de novas doutoras e doutores.

O obxecto desta modalidade de axudas é a formación de novas doutoras e doutores mediante estadías de formación, que deberán ter unha duración ininterrompida de dous anos, desenvolvéndose nunha universidade pública española ou ben en universidades ou centros de investigación estranxeiros así como en organismos públicos de investigación (OPIs) ou centros de investigación públicos españois.

No caso de que as axudas se soliciten para estadías de formación en universidades ou centros de investigación situados no estranxeiro ou en centros de investigación públicos españois incluídos OPIs, o último ano da axuda deberá realizarse nunha universidade pública española que poderá ser a Universidade de Vigo.

Modalidade C: Axudas María Zambrano para a atracción de talento internacional.

O obxecto destas axudas é a atracción á Universidade de Vigo durante dous anos, de persoal docente e investigador dunha traxectoria posdoutoral acumulada non inferior a vinte e catro meses en universidades ou centros de investigación españois ou situados fóra de España diferentes ao da defensa da tese doutoral, que estea desenvolvendo proxectos de investigación en universidades ou centros situados fóra de España no momento de presentar a súa solicitude.

Terceira. Dotación económica e financiamento

A convocatoria terá unha dotación máxima de 755.000 €, para atender a concesión das axudas convocadas nas dúas modalidades dotándose o crédito necesario nos exercicios orzamentarios 2022, 2023 e 2024 en función do gasto comprometido para cada anualidade.

Cuarta. Características das axudas.

As características das axudas de cada modalidade será a seguinte:

- **Modalidade A: Axudas Margarita Salas para a formación de novas doutoras e doutores.**

  Convócanse 8 axudas nesta modalidade.

As axudas destinaranse á formalización coa persoa beneficiaria dun contrato de acceso ao Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación regulado no artigo 22 da Lei 14/2011, de 1 de xullo, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación a tempo completo e cun salario bruto mensual, incluído o prorrateo de pagas extras, de 2.664 euros durante a realización da estadía no estranxeiro e de 2.131 euros durante o tempo de estadía realizado en España.

A distribución das axudas realizarase por ámbitos de coñecemento do seguinte xeito:
-Ámbito Científico e Ciencias da Saúde: 2 axudas
-Ámbito Tecnolóxico: 2 axudas
-Ámbito Xurídico Social: 2 axudas
-Ámbito Artes e Humanidades: 2 axudas

- **Modalidade C: Axudas María Zambrano para a atracción de talento internacional.**

Convócase 1 axuda nesta modalidade para o ámbito Xurídico-Social.
A axuda destinarase á formalización coa persoa beneficiaria dun contrato de acceso ao Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación regulado no artigo 22 da Lei 14/2011, de 1 de xullo, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, ou figura laboral acaída no caso de non ser posible, a tempo completo cun salario bruto mensual, incluído o prorrateo das pagas extras, de 3.045 euros.

No caso de que a modalidade María Zambrano quedase deserta, a praza ofertada acumularase ás axudas da modalidade Margarita Salas e concederase á puntuación máis alta de todos os ámbitos de coñecemento conforme á lista de agarda.

Nas dúas modalidades haberá un pagamento único en concepto de gastos de traslado de importe diferente conforme ao anexo I desta convocatoria, en función da zona xeográfica de estadía na modalidade A ou de orixe no caso da modalidade C . O importe incluirá a contratación, por parte da persoa beneficiaria, de seguros de responsabilidade civil, enfermidade e accidente de ser o caso.

Quinta. Reserva para persoas con discapacidade.

Coa fin de promover a igualdade de oportunidades e a inclusión das persoas con discapacidade, resérvase 1 praza na modalidade Margarita Salas para persoas cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao trinta e tres por cento. Se a axuda reservada para persoas con discapacidade quedase deserta acumularanse ao resto de axudas.

Sexta. Requisitos para a presentación de solicitudes

Para ser admitida no proceso selectivo, quen presente unha solicitude debe cumprir e acreditar os seguintes requisitos:

Modalidade A: Axudas Margarita Salas para a formación de doutores e doutoras novas.

1. Posuír un título de doutora ou doutor pola Universidade de Vigo cun máximo de dous anos de antigüidade entre a data da súa obtención e a de fin de prazo de presentación de solicitudes e pedir a realización dunha estadía de dous anos de duración ininterrompida nunha universidade pública española distinta á Universidade de Vigo ou ben en universidades e centros de investigación estranxeiros públicos ou privados, así como en centros de investigación públicos españois incluídos os OPIs.

   Debe terse en conta que se a estadía de formación se desenvolve en universidades ou centros de investigación situados no estranxeiro ou en centros de investigación públicos españois, o segundo ano da axuda deberá realizarse nunha universidade pública española que poderá ser a Universidade de Vigo.
2. Posuír un título de doutora ou doutor por unha universidade privada española, cun máximo de dous anos de antigüidade entre a data da súa obtención e a de fin de prazo presentación de solicitudes, e pedir a realización dunha estadía ininterrompida de dous anos na Universidade de Vigo ou a incorporación a ela no segundo ano no caso de solicitar a estadía en universidades ou centros de investigación situados no estranxeiro ou en centros de investigación públicos españois.
3. Ser nacional español, posuír un título de doutora ou doutor por unha universidade estranxeira pública ou privada cun máximo de dous anos de antigüidade entre a data da súa obtención e a de fin de prazo de presentación de solicitudes, e pedir a realización dunha estadía de dous anos na Universidade de Vigo ou a incorporación a ela no segundo ano no caso de solicitar a estadía en universidades ou centros de investigación situados no estranxeiro, distintos a aquel polo que se obtivo o título, ou en centros de investigación públicos españois.

   Non obstante, nos tres casos ampliarase o prazo de antigüidade sinalado en dous anos para as persoas cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao trinta e tres por cento. Así mesmo, o prazo será ampliado cando concorra e se acredite algunha das circunstancias sinaladas no artigo 1.b)i. do anexo II do *Real Decreto 289/2021, de 20 de abril, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a universidades públicas para la recualificación del sistema universitario español* conforme ao establecido nel.
4. Non estar incursa nalgunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de subvencións.

Modalidade C: Axudas María Zambrano para a atracción de talento internacional.

1. Ser persoal docente e investigador de nacionalidade española ou doutro país cunha traxectoria posdoutoral acumulada non inferior a vinte e catro meses en universidades ou centros de investigación españois ou situados fóra de España diferentes ao da defensa da tese de doutoramento.
2. Estar desenvolvendo proxectos de investigación e/ou impartindo docencia en universidades ou centros situados fóra de España no momento de formular a solicitude.
3. Solicitar a realización dunha estadía ininterrompida de dous anos de duración na Universidade de Vigo.
4. Non manter relación contractual nin estatutaria coa Universidade de Vigo.

Sétima. Presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes comezará o **22 de agosto e ata o 12 de setembro de 2022.**

As solicitudes, acompañada da documentación sinalada para cada modalidade, deberán presentarse preferentemente a través da sede electrónica da Universidade de Vigo https://sede.uvigo.gal/ mediante unha instancia xenérica SXER «Instancia xenérica».

Se non fose posible presentala a través deste medio, as solicitudes, xunto coa documentación requirida, poderá presentarse tamén nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso, debe enviarse unha mensaxe a seccion.rrhh.investigacion@uvigo.gal informando da presentación con copia do xustificante.

De xeito excepcional para este procedemento, unicamente as persoas de nacionalidade extracomunitaria, poderán usar medios de acceso á sede electrónica alternativos, para o cal deberán iniciar o procedemento enviando un correo electrónico a estranxeiros@uvigo.gal antes de presentar a súa solicitude e con antelación suficiente ao día de peche do prazo de presentación.

O formulario de solicitude conforme ao anexo II deberá vir acompañado da seguinte documentación para cada modalidade:

Modalidade A: Axudas Margarita Salas:

- Copia do documento nacional de identidade (DNI) ou pasaporte para o caso de solicitantes con títulos estranxeiros ou por universidades privadas españolas exclusivamente, no caso de que presenten a súa solicitude por un medio distinto á sede electrónica da Universidade de Vigo.
- Copia do título de doutora ou doutor con indicación expresa da data de obtención do título, para o caso de solicitantes con títulos estranxeiros ou por universidades privadas españolas exclusivamente.
- *Curriculum vitae* abreviado da persoa candidata conforme a modelo normalizado https://cvn.fecyt.es/
- Historial científico-técnico de cada un dos grupos de investigación receptores.

- Memoria xustificativa do impacto da estadía proposta no progreso da carreira docente e investigadora da persoa candidata cunha extensión máxima de 3.000 palabras.
- Documento de aceptación da estadía por cada un dos centros receptores indicando o grupo de investigación no que se vai integrar.
- Compromiso de adscrición a un grupo de investigación da Universidade de Vigo , se é o caso conforme ao anexo III.
- Documentación que acredite algunha das circunstancias sinaladas no artigo 1.b)i. do anexo II do *Real Decreto 289/2021, de 20 de abril, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a universidades públicas para la recualificación del sistema universitario español,* se é o caso.
- Declaración responsable de que reúnen todos e cada un dos requisitos exixidos na convocatoria e que os méritos alegados son certos e posúen os documentos orixinais que os acreditan conforme anexo IV.

Modalidade C: Axudas María Zambrano:

- Copia do documento nacional de identidade (DNI) ou pasaporte para o caso de solicitantes que presenten a súa solicitude por un medio distinto á sede electrónica da Universidade de Vigo.
- Copia do título de doutora ou doutor con indicación expresa da data de obtención do título.
- Documentación xustificativa de estar desenvolvendo proxectos de investigación e/ou impartindo docencia en universidades ou centros situados fóra de España no momento de presentar a solicitude.
- Acreditación da traxectoria posdoutoral acumulada mediante os períodos de vinculación a outros organismos ou institucións distintos ao da defensa da tese de doutoramento.
- *Curriculum vitae* abreviado da persoa candidata conforme a modelo normalizado https://cvn.fecyt.es/
- Historial científico-técnico do grupo de investigación receptor na Universidade de Vigo.
- Memoria onde se xustifique a adecuación da persoa candidata ás necesidades de investigación e transferencia do coñecemento do grupo receptor na Universidade de Vigo cunha extensión máxima de 3.000 palabras.
- Documento de aceptación do grupo de investigación na Universidade de Vigo conforme ao anexo III.
- Xustificación do impacto da incorporación da persoa candidata na recualificación do equipo de acollida.
- Declaración responsable de que reúnen todos e cada un dos requisitos exixidos na convocatoria e que os méritos alegados son certos e posúen os documentos orixinais que o acreditan conforme anexo IV.

Oitava. Emenda de solicitudes

Se a información achegada durante o período de presentación de solicitudes de axuda contivese erros formais emendables, requirirase a quen a presentou para que nun prazo de dez días hábiles emende a solicitude a través da sede electrónica ou nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, coa advertencia de que, se así non o fixese,

entenderase que desiste da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Durante o período de emenda non se poderán reformular as solicitudes presentadas.

Novena. Avaliación de solicitudes

A Universidade de Vigo nomeará e fará pública unha comisión de avaliación por cada ámbito de coñecemento formada por tres persoas docentes e investigadoras de recoñecido prestixio, das que dúas serán externas e unha da propia institución que actuará como secretaria, que respectará o principio de paridade entre mulleres e homes e avaliará as solicitudes conforme aos criterios establecidos na base seguinte.

A devandita comisión axustarase ao disposto pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público en materia de órganos colexiados.

Décima. Criterios de avaliación

O proceso de avaliación de cada unha das modalidades de axuda comprenderá unha única fase na que se seleccionará ao candidato ou candidata previa avaliación das solicitudes presentadas e da emisión do correspondente informe proposta.

As solicitudes serán cualificadas cunha puntuación entre 0 e 100 puntos, cos seguintes criterios de avaliación:

a. CVN da persoa candidata: ata 50 puntos.
b. Historial científico-técnico do grupo receptor: ata 30 puntos.
c. Memorias xustificativas: ata 20 puntos

Unha vez constituída cada comisión de valoración, fará pública a desagregación dos criterios de avaliación sinalados nesta convocatoria.

A puntuación mínima necesaria para superar a avaliación será de 80 puntos.

Décima primeira. Resolución de selección

Unha vez avaliadas as solicitudes, a Universidade de Vigo publicará, no seu taboleiro de anuncios da sede electrónica, a resolución provisional de persoas seleccionadas coa correspondente lista de agarda ordenada por puntuacións e ámbitos de coñecemento e establecerase un prazo de dez días hábiles para presentar as alegacións que se consideren oportunas.

Transcorrido ese prazo e vistas as alegacións presentadas, ditarase a resolución definitiva de persoas candidatas seleccionadas coa correspondente lista de agarda que porá fin ao procedemento.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produzise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décima segunda. Formalización de contratos e desenvolvemento

A data de inicio dos contratos será o 1 de xaneiro de 2023 que poderá retrasarse, única e exclusivamente, polas seguintes causas debidamente xustificadas:

a) Restricións de mobilidade derivadas da situación de emerxencia sanitaria provocada pola COVID-19.
b) Regularización da súa situación para poder traballar en España no caso de persoas estranxeiras non comunitarias ou trámites relacionados co visado para persoas que farán a súa estadía no estranxeiro.

En calquera caso, a data de fin de realización do contrato será o 31 de decembro de 2024.

Os contratos nas modalidades A e C poderán interromperse polas mesmas causas sinaladas anteriormente sempre que a data final de realización sexa o 31 de decembro de 2024.

A contratación das persoas beneficiarias das modalidades de axudas A e C non implica ningún compromiso de futura incorporación ao cadro de persoal da Universidade de Vigo.

Décima terceira. Interrupcións das axudas

As interrupcións no desenvolvemento das axudas derivadas de incapacidade temporal por un período mínimo de dous meses, parto, adopción ou acollemento e lactación producirán o retraso na incorporación ou a suspensión polo período determinado, podendo prorrogarse as axudas polo mesmo período trala solicitude da persoa beneficiaria.

Aplicarase o mesmo réxime cando o retraso na incorporación ou a interrupción se produza por decisión da traballadora que se vexa obrigada a abandonar o seu posto de traballo como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero conforme ao artigo 45.1.n) da Lei do Estatuto dos(as) traballadores(as).

Décima cuarta. Xestión da lista de agarda

Se se producisen renuncia ou vacante na modalidade Margarita Salas, poderase adxudicar unha nova axuda dentro da mesma modalidade á seguinte persoa da lista de agarda coa puntuación máis alta e no mesmo ámbito de coñecemento no que se produciu a renuncia ou vacante sempre que reste un mínimo de 12 meses de goce da axuda.

De non dispoñerse de lista de agarda no mesmo ámbito de coñecemento, adxudicarase á persoa coa puntuación máis alta en calquera ámbito de coñecemento da modalidade Margarita Salas.

Se se producise renuncia ou vacante na modalidade María Zambrano, poderase adxudicar unha nova axuda á seguinte persoa da lista de agarda coa puntuación máis alta sempre que reste un mínimo de 12 meses de execución da axuda.

Décima quinta. Actividades docentes

O persoal contratado conforme ás axudas Margarita Salas poderá desenvolver actividades docentes cun máximo de 30 horas por curso académico.

O persoal contratado conforme ás axudas María Zambrano poderá desenvolver actividades docentes durante o seu contrato cun máximo de 60 horas por curso académico.

Décima sexta. Seguimento científico-técnico

A Universidade de Vigo realizará o seguimento científico-técnico das axudas concedidas do seguinte xeito:

- Modalidade A: As persoas beneficiarias dunha axuda na modalidade Margarita Salas deberán elaborar un informe de actividades realizadas e dos resultados obtidos así como do impacto obtido no progreso da súa carreira docente e investigadora ao finalizar a duración do seu contrato.
- Modalidade C: As persoas beneficiarias dunha axuda na modalidade María Zambrano deberán elaborar unha memoria con indicación das actividades realizadas e do impacto obtido na recualificación do equipo de acollida, ao finalizar a duración do seu contrato.

Décima sétima. Réxime de incompatibilidades

A realización do contrato ao que se refire esta convocatoria será incompatible con outras axudas financiadas con fondos públicos ou privados de finalidade análoga así como soldos ou salarios de similar natureza e, con carácter xeral, coa percepción de calquera contía que teña natureza salarial, sempre que a actividade desenvolvida poida afectar ao cumprimento do obxecto da axuda ou á súa finalidade investigadora ou que se produza no mesmo horario.

Para tales efectos, quen resulte contratado deberá comunicar á Universidade de Vigo, a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Décima oitava. Prazo para resolver

O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento será de catro meses. O vencemento do prazo máximo indicado sen terse publicada a resolución lexitima as persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión das axudas.

Décima novena. Perda do dereito á axuda e reintegro.

Son obrigas das persoas beneficiarias as sinaladas no artigo 14 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións* e será causa da perda do dereito á axuda e reintegro, os supostos establecidos nos artigos 37, 41, 42 e 43 da citada lei e no capítulo II do título III do seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006,

de 21 de xullo, sen prexuízo do disposto no artigo 7.Sétima da *Lei 11/2020, de 30 de decembro de orzamentos xerais do Estado* para 2021.

Vixésima. Réxime xurídico complementario

No non previsto nestas bases estarase ao disposto polo Real Decreto 289/2021, de 20 de abril, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a universidades públicas para la recualificación del sistema universitario español e pola *Orde UNI/551/2021, de 26 de maio, pola que se conceden as subvencións previstas no Real Decreto 289/2021, de 20 de abril, polo que se regula a concesión directa de subvencións a universidades públicas para la recualificación do sistema universitario español.*

Vixésima primeira. Medios de publicidade

Todas as resolucións referidas a esta convocatoria serán publicadas para os efectos de notificación nos rexistros xeral e auxiliares e no taboleiro de convocatorias da Universidade de Vigo cuxo enlace é o seguinte: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index , así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado no formulario de solicitude sen que estas teñan a consideración de notificación.

Vixésima segunda. Réxime de tratamento de datos.

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a convocatoria complementaria de axudas para a recualificación do sistema universitario español para 2021-2023 e amparados pola Lei 14/2001, de 1 de xuño da ciencia, tecnoloxía e a innovación e a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.gal

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Poderá exercer os devanditos dereitos mediante solicitude dirixida ao reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para mais información:https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/proteccion-datos-0

Igualmente poderá dirixir a dita solicitude directamente á delegada de protección de datos da responsable cuxa identidade e datos de contacto son Ana Garriga Domínguez, enderezo postal Facultade de Dereito, Campus Universitario As Lagoas-Marcosende, s/n 32004 Ourense teléfono: 988368834, enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Vixésima terceira. Transparencia.

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ANEXO I

IMPORTES GASTOS DE TRASLADO

ZONA XEOGRÁFICA	IMPORTE
Zona 1: España, Portugal ou Andorra	1.000 euros
Zona 2: Europa (agás zona 1), África ou América (agás zona 3)	2.500 euros
Zona 3: Estados Unidos de América, Asia ou Oceanía	3.500 euros

ANEXO II- FORMULARIO DE SOLICITUDE

AXUDAS PARA A RECUALIFICACIÓN DO SISTEMA UNIVERSITARIO ESPAÑOL
CONVOCATORIA COMPLEMENTARIA

MODALIDADE PARA A QUE PRESENTA A SÚA SOLICITUDE:
◯ **A. Margarita Salas** ◯ **C. María Zambrano**

DATOS PERSOAIS:	
Apelidos:	**Nome:**
DNI/Pasaporte:	**Xénero:**
Data de nacemento:	**Nacionalidade:**
Quenda: Xeral ◯ **Discapacidade:** ◯	
Ámbito de coñecemento pola que presenta a súa solicitude: **Artes e Humanidades** ◯ **Xurídico- Social** ◯ **Científico- Ciencias da Saúde** ◯ **Tecnolóxico** ◯	

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:		
Enderezo postal:		
Código Postal:	**Localidade:**	**Provincia:**
País:	**Teléfono:**	**Enderezo electrónico:**

Encher só os datos referidos á modalidade pola que se presenta:

A. AXUDAS MARGARITA SALAS	
Título doutoramento	Universidade pola que se obtivo o título: Data de obtención: Circunstancia relativa á antigüidade do título: ◯ Si ◯ Non
Estadía (2 anos)	Organismo de acollida: Enderezo postal: País: Enderezo electrónico de contacto: Grupo receptor: Investigador/a responsable durante a estadía:
Segundo ano ***(só no caso de estadías no estranxeiro ou en centros de investigación)***	Universidade de acollida: Enderezo electrónico de contacto: Grupo receptor:

	Coordinador/a do grupo:

C. AXUDAS MARÍA ZAMBRANO	
Título doutoramento	Universidade pola que obtivo o título: Data de obtención:
Situación actual	Institución estranxeira coa que mantén vinculación actual: Enderezo postal: País: Enderezo electrónico de contacto: Imparte docencia: ◯ Investiga: ◯ Nome das materias nas que imparte docencia, se é o caso: Nome do/s proxecto/s que está desenvolvendo, se é o caso:
Estadía na UVigo	Grupo receptor: Coordinador/a do grupo: Enderezo electrónico de contacto:
Presentou solicitudes noutras universidades: ◯ Si ◯ Non Indicar cales:	

SOLICITA:

A admisión da súa solicitude de participación na convocatoria complementaria de axudas para a recualificación do sistema universitario español.

En , de de 2022

(sinatura)

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA CONFORME Á BASE II DA CONVOCATORIA

- ☐ Copia do DNI ou pasaporte (*só nos casos sinalados na convocatoria)*.
- ☐ Copia do título de doutora ou doutor con indicación expresa da data de obtención (*só nos casos sinalados na convocatoria*).
- ☐ *Curriculum vitae* en modelo normalizado.
- ☐ Historial científico-técnico de cada un dos grupos de investigación receptores.
- ☐ Documento de aceptación da estadía por cada centro receptor indicando o grupo de acollida.
- ☐ Declaración responsable de veracidade.
- ☐ Certificado de recoñecemento de discapacidade superior ao 33%, se é o caso.
- ☐ Documentación acreditativa dalgunha circunstancia relativa á antigüidade do título de doutoramento, se é o caso (*só modalidade A*).
- ☐ Compromiso de adscrición a un grupo de investigación da Universidade de Vigo (*modalidade C e A só no caso de estadías na Universidade de Vigo*).
- ☐ Memoria xustificativa do impacto da estadía proposta no progreso de carreira docente e investigadora da solicitante.
- ☐ Acreditación da traxectoria posdoutoral acumulada en organismos ou institucións distintos aos da defensa da tese de doutoramento (*só para modalidade C*).
- ☐ Documentación xustificativa de estar desenvolvendo proxectos de investigación ou impartindo docencia en universidades ou centros estranxeiros no momento actual (*só para modalidade C*).
- ☐ Memoria xustificativa da adecuación da persoa candidata ás necesidades do grupo receptor na Universidade de Vigo (*só para modalidade C)*.
- ☐ Xustificación do impacto de incorporación da persoa candidata na recualificación do equipo de acollida (*só para modalidade C*).

SEÑOR REITOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO

ANEXO III-ADSCRICIÓN A GRUPO DE INVESTIGACIÓN

AXUDAS PARA A RECUALIFICACIÓN DO SISTEMA UNIVERSITARIO ESPAÑOL

CONVOCATORIA COMPLEMENTARIA

con DNI/pasaporte número , que coordina o grupo de investigación

DÁ A SÚA CONFORMIDADE A QUE con DNI/pasaporte que presentou a súa solicitude ás axudas para a recualificación do sistema universitario español convocadas pola Universidade de Vigo mediante R.R. do 26/07/2022, se integre no grupo de investigación que coordino no caso de resultar seleccionada.

En , de de 2022

(sinatura)

ANEXO IV-DECLARACIÓN RESPONSABLE

AXUDAS PARA A RECUALIFICACIÓN DO SISTEMA UNIVERSITARIO ESPAÑOL

CONVOCATORIA COMPLEMENTARIA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

con DNI/pasaporte número

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE que reúne todos e cada un dos requisitos para poder presentarse á convocatoria complementaria de axudas para a recualificación do sistema universitario español convocadas pola Universidade de Vigo mediante R.R. do 26/07/2022 e que son certos os datos e méritos contidos no seu *curriculum vitae* e posúe os documentos orixinais que os acreditan.

En , de de 2022

(sinatura)